



## **PLAN ECONÓMICO FINANCIERO (PEF) 2016-2017**

### **I.INTRODUCCIÓN**

A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten ós gastos ou ingresos das entidades locais se someterán ós principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, coherente ca normativa europea e de conformidade co establecido nos artigos 3, 4, 11, 12 e 13 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (LOE).

Enténdese por Estabilidade Orzamentaria das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural. De acordo co artigo 11.3 e 11.4 da LOE, as corporacións locais non podrán presentar déficit estrutural, definido como déficit axustado ao ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais.

Igualmente, deberáse cumprir co principio de Sostibilidade Financeira, entendido como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade da débeda comercial de acordo co establecido nesta Lei, a normativa sobre morosidade e na normativa europea.

Finalmente, avaliaráse o cumprimento da Regra de Gasto, aos efectos de que a variación do gasto computable non supere a taxa de referencia do crecemento do produto interior bruto, publicada polo Ministerio de Economía e Competitividade. (1,30% para 2015).

Mediante Decreto da Alcaldía de 29 de febreiro de 2016 aprobase a liquidación do orzamento de 2015, onde ponse de manifesto o incumprimento da regra de gasto.

En consecuencia, é necesario a formulación dun Plan Económico-Financeiro (PEF) que permita, no ano en curso e o seguinte o cumprimento da regra de gasto (2016-2017), co contido e na forma que establecen os artigos 21 e 23 da LOE.

### **II.CONTIDO E TRAMITACIÓN DO PEF**

De conformidade co artigo 21 da LOE, o PEF conterá como mínimo a seguinte información:

- a) As causas do incumprimento do obxectivo establecido ou, no seu caso, do incumprimento da regra de gasto.
- b) As previsións tendenciais de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.
- c) A descripción, cuantificación e o calendario de aplicación das medidas reflectidas no plan, sinalando as partidas orzamentarias ou rexistros extraorzamentarios en que se contabilizarán.



- d) As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os que se basean estas previsións, de acordo co previsto no informe a que se fai referencia no apartado 5 do artigo 15.
- e) Un análisis de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos.

O artigo 116. bis da lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no apartado segundo, dispón que adicionalmente ó previsto no artigo 21 da LOE, o mencionado plan incluírá a lo menos as seguintes medidas:

- a) Supresión das competencias que exerza a Entidade Local que sexan distintas das propias e das exercidas por delegación.
- b) Xestión integrada ou coordinada dos servizos obrigatorios que presta a Entidade Local para reducir sus costes.
- c) Incremento de ingresos para financiar os servizos obrigatorios que presta a Entidade Local.
- d) Racionalización organizativa.
- e) Supresión de entidades de ámbito territorial inferior ó municipio que, no exercicio orzamentario inmediato anterior, incumpran co obxectivo de estabilidade orzamentaria ou co obxectivo de débeda pública ou que o período medio de pago a provedores supere en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa de morosidade.
- f) Unha proposta de fusión co municipio colindante da mesma provincia.

O PEF será presentado, no prazo máximo de un mes dende que se constate o incumprimento, ante o Pleno da Corporación, que deberá aprobalo no prazo máximo de dous meses dende a presentación. A posta en marcha do plan non poderá exceder de 3 meses dende a constatación do incumprimento.

Ademáis, se remitirá para o seu coñecemento á Comisión Nacional de Administración Local, e se lle dará a mesma publicidade que a establecida polas leis para os Orzamentos da entidade.

Finalmente, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas dará publicidade dós plans económicos e financeiros, e a adopción efectiva das medidas aprobadas cun seguimento do impacto efectivamente observado das mesmas.

### **III. DIAGNOSTICO ACTUAL**

A liquidación do orzamento 2015 presenta as seguintes magnitudes:

RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO: 343.967,01



RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO: 444.061,14  
REMANENTE LIQUIDO DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS: 473.777,87  
SALDO DA CONTA 4130: 53.446,92  
SALDO DA CONTA 4180: 3.090,99

A avaliación das regras fiscais do exercicio 2015 presenta os seguintes datos:

Estabilidade orzamentaria:

Dereitos recoñecidos, capítulos I a VII, orzamento corrente: 13.709.160,91

Obrigas recoñecidas, capítulos I a VII, orzamento corrente: 12.792.915,18

Diferencia dereitos e obrigas: 916.245,73

Axustes en termos SEC: -771.312,93

Capacidade de Financiamento: 144.932,80

Regra de gasto:

Gasto computable do exercicio: 11.443.470,35

Gasto máximo admisible regra de gasto: 10.555.759,84

Diferencia entre límite e gasto computable: 887.710,51

Débeda pública:

Débeda viva a 31-12-2015: 12.932.814,97

Ingresos correntes axustados: 13.063.740,74

Porcentaxe débeda viva: 98,99

Período medio de pago:

PMP do cuarto trimestre de 2015: 28,69 días, (RD 635/2014)

Do exposto dedúcese o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria cunha capacidade de financiamento de 144.932,80; o cumprimento do límite de débeda pública ca porcentaxe de 98,99%; o cumprimento co período medio de pago segundo a metodoloxía do RD 635/2014; e o **incumprimento da regra de gasto**, cunha diferenza entre o límite da regra de gasto e o gasto computable ao peche do exercicio de 887.710,51 €, o que supón unha variación do gasto computable de 8,41%.

#### **IV. CAUSAS DO INCUMPRIMENTO**

A causa do incumprimento da regra de gasto ven derivada da sentenza firme no ano 2015 a favor da empresa Viaqua, SL, en relación os gastos da EDAR áta 2012, que ascenden a 737.574,64 €, aínda que existe aprazamento do pago en catro anos e iníciase en 2016, polo tanto non ten reflexo no orzamento 2015, sen embargo segundo a normativa europea computa como gasto non financeiro do ano 2015. Por outra parte, e aplicando ós criterios da sentenza, recoñeceuse a empresa Viaqua, SL, os gastos reclamados polo mesmo concepto da EDAR, dos anos 2013 e o primeiro semestre do 2014, con cargo ó orzamento 2015, previa modificación de crédito con cargo ó remanente líquido de tesourería, por importe de 287.540,08 €.

É dicir, por gastos da EDAR de anos anteriores que ascenden a un total de 1.025.114,72 €, e que computan como gastos a efectos do cálculo da regra de gasto en 2015, prodúcese o incumprimento da regra de gasto en 887.710,51 €.



A causa do incumprimento esta polo tanto, na asunción de gastos de exercicios anteriores derivadas de sentenzas xudiciais, sendo a máis significativa cuantitativamente a exposta nos parágrafos anteriores.

#### **V. MEDIDAS A ADOPTAR PARA CORREXIR A SITUACIÓN**

1.- Dado que a causa do incumprimento é coyuntural e non estrutural, non será necesario adoptar medidas para acadar o cumprimento da regra de gasto, ágas cas previsións de sentenzas nos anos 2016 e 2017 tiveran espetativas de recaer por importes cuantitativamente elevados, e superiores os do ano 2015.

Neste senso, e segundo información facilitada pola Asesoría Xurídica do Concello, en relación os procedementos xudiciais de contido económico que puideran ser firmes nos anos 2016 e 2017, destacan dous procedementos que foron recorridos en apelación polo concello a finais de 2015, cuías contías elévanse a 371.998 € e 759.950 € respectivamente, máis os xuros e costas que puideran recaer si as sentenzas foran condenatorias para o concello. En canto o momento do fallo non pode precisarse, é posible que recaian antes do ano 2018, polo que se cumprirá a regra de gasto nos anos 2016 e 2017 tomando como base o gasto computable da liquidación 2015 e actualizado coa taxa de referencia 2016-2017.


2.- Por outra parte, sinalar que o Concello de Viveiro conta cun Orzamento xeral para 2016 aprobado e en vigor dende o dous de febreiro de 2016, que cumpre ca regra de gasto e demais regras fiscais, segundo consta no informe de intervención que o acompaña.

#### **VI. CONCLUSIÓNS**

Tendo en conta o sinalado anteriormente pódese concluír que o incumprimento da regra de gasto en 2015 é de carácter coyuntural e non de carácter estrutural e quedará solventado no ano 2016, cun orzamento xeral aprobado e en vigor que prevé cumprir ca regra de gasto e as demais regras fiscais.

Viveiro, 6 de abril de 2016

A Alcaldesa



Maria Loureiro García



## **INFORME DE INTERVENCIÓN**

**Asunto:** Plan económico-financeiro 2016-2017

Logo de ver o resultado da liquidación do orzamento de 2015, segundo Decreto da Alcaldía de 29 de febrero de 2016, onde se pon de manifesto o incumprimento da regra de gasto, é necesario aprobar polo Pleno dun Plan económico-financeiro (PEF) 2016-2017 que permita no ano curso e o seguinte o cumprimento da regra de gasto (2016-2017) co contido e na forma que establecen os artigos 21 e 23 da Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (LOE). A aprobación e publicación (artigo 23.1 e 4 da LOE): O plan económico-financeiro debe ser elevado ao Pleno no prazo máximo dun mes dende que se poña de manifesto o desequilibrio ( Pleno de 10 de marzo de 2016).

O Pleno dispón, como máximo, de dous meses dende a presentación do plan para a súa aprobación e a súa posta en marcha non pode exceder de 3 meses dende a constatación do incumprimento. A publicidade é a mesma que a do presuposto.

Visto o PEF subscrito pola Sra. Alcaldesa e a proposta de acordo, informase o mesmo favorablemente.

Viveiro, a 6 de abril de 2016

A Interventora



Rosa Abelleira Fernández